



Non á guerra!



Non ao terrorismo!

Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. S. CASANOVA

"A variedade de idiomas é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais... Un can de Turquía ouvea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas argentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. E sabedes por que? Porque os probes animais aínda están no idioma universal."

Daniel R. Castelao

RECONSTRUÍNDO A CATEDRAL DA LINGUA

As 5 Redaccións Gañadoras do Concurso
POR QUE FALO GALEGO COS MEUS E AS MIÑAS COLEGAS NO RECREO?

PORQUE SI, PORQUE ME GOSTA

Rosalía Rodríguez Couceiro, 1º de Bacharelato

Que por que falo galego? Vénme á cabeza certo dito dun vello amigo que afirmaba: "*Porque si, porque me gusta, porque me peta e quero e dáme a gana, porque me sae de dentro, alá do fondo dunha tristura aceda...*". Supoño que non sería moi orixinal retomar as súas palabras, aínda que expresen moi ben os meus sentimentos. Pero, lendo de novo a cuestión á que me propoño responder, preguntome: e por que razón non o falan eles? Pregúntanme por que falo galego e eu non o comprendo, se é a miña lingua, a lingua da miña terra e dos meus avós. Por que falan os demais unha lingua imposta, unha lingua que veu de fóra e que simbolizou sempre o poder que nos oprimía?

Comecei a expresarme en galego hai pouco, de maneira algo tardía, por un motivo, se ben moi fácil de comprender, decepcionante e, tamén, irritante: por moito que os pais ou os avós lles falen en galego aos fillos, estes crecen rodeados do castelán por todas partes, na televisión, no cine, nos xornais, nos libros, na música, na escola, no instituto...

O certo é que, postos a recordar, cando eu era pequena intentei dúas veces falar en galego, pero o caso foi que a actitude, por así dicilo, "pouco receptiva" dos meus compañeiros fíxome desistir da idea. Agora que medrei, e comezo a ter ideas propias —ou iso procuro—, com-

(Continúa na páxina 2)



maxinade

unha fogueira. Tentade ver unhas chamas violentas devorando palabras e versos, persoas e costumes. Pensade nunha criatura ridiculizada, humillada, desprezada, oprimida e dominada, nun ser botado ao lume. Podedes velo? Ben, pois imaxinade agora unha cultura e unha terra así.

A lingua é un dos elementos fundamentais que pertencen á cultura dunha nación, probablemente o máis importante. Ter unha lingua propia significa ser parte de algo, e pertencer a unha cultura determinada representa o coñecemento de saber por que es como es.

Quizais pensades que a cultura galega é inferior, vulgar, ordinaria, de aldea ou algo diso. Pero, en serio, iso xa debería de ter pasado de moda hai unha chea de tempo. Seguramente nin o que di esas cousas as cre en realidade. A sociedade fíxonos pensar que eran certas e, agora, fixédevos que caos, outra cultura perdéndose. E alguén xulgará, que importa? Pero vaia se importa, se desaparece a lingua galega e todo o que esta leva consigo, xa non haberá Galiza. E que pasa

(Continúa na páxina 3)



N

É O FALAR DAS FADAS

Sara Madrigal, 2º Bacharelato

aceu, coma

min, nunha terra viva na que as ondas do mar non teñen ningún reparo en morrer ao atopar no seu camiño uns duros e intransixentes acantilados que intentan paralles as súas ansias de seguir vivindo, camiñando sobre o seu mar.

Porque non vou deixar que a lingua na que amaron, odiaron, celebraron e loitaron, todos os meus ancestros morra porque eu non quero que se pouse nos meus beizos.

Porque unha lingua non desaparece por vontade propia, non cansa nunca de vivir a non ser que nós nos empeñemos en acabar con ela, en esquecernos de quen somos ao querer esconder a nosa identidade rexeitando a nosa propia lingua, única e exclusiva para nós pero que moitos rexeitan por culpa de falsos e ridículos prexuízos de orixe remota.

Eu síntome a gusto falando na miña lingua, é natural; é no idioma no que penso, e non atopo ningunha razón pola que non deba facelo ou sentir un mínimo de reparo en expresarme, en vivir de acordo co galego, co *noso galego*.

Porque despois de estar máis dunha década falando galego na casa, aos que lle falas con agardamento, dinme conta de que non hai ningún argumento razoable que impida facelo tras cruzar as fronteiras da familia, da confianza e por qué non, falalo cos meus e as miñas colegas no recreo.



O

por

que de falar

galego cos meus compañeiros é moito máis sinxelo que por motivos idealistas ou por pura política. As únicas razóns son que é a miña lingua materna e me gusta falalo.

O feito de que os meus pais me educasen en galego é un dos máis importantes, aínda que nos primeiros tempos de escola, como todos os demais rapaces falaban castelán, eu tamén o facía. Anos despois comecei a conversar en galego coa miña familia e, tras pasar un verán cos meus avós e os meus tíos, acabei por adoptalo como fala da miña vida cotiá con todo o mundo. Ao principio resultaba un pouco "difícil", por dicilo dalgunha maneira, xa que como os demais rapaces se expresaban en castelán cando me relacionaba con eles, sen saber como acababa por cambiar de idioma. Pouco a pouco acostumeime a esa situación e agora xa non é tan frecuente ese cambio involuntario. Aínda que precisamente o hábito de usar case sempre o galego fixo que algunhas veces lle falara á xente foránea en galego: poño por caso estar en Madrid ou

CO SINXELO QUE É, E O DIFÍCIL QUE O PINTAN...

Miguel Neira Boga, 1º de Bacharelato

en Cataluña, ou ao coñecer xente nova dirixirme a eles en galego...

O certo é que ás veces sorpréndeme o feito de que xente coa que estás de conversa e che responde en castelán, ao pouco tempo acaba falando contigo en galego, pero co resto da xente segue a usar o español. Resulta que esas persoas falan galego na casa, ou foron educadas nel, pero como os amigos empregan o castelán, acaban, eles tamén, por cambiarse ao español. Coido que nalgún tempo rematarán falando galego con todos, tal e como nos ocorreu a moitos dos que agora o facemos.

Sei que cando falo cometo algúns erros e que, algunhas veces, podo chegar a expresarme en "castrapo", pero é que o castelán rodéanos de tal forma que é case imposible falar sen cometer algunha equivocación. Por moito que lea, fale, ou escriba en galego, sempre quedarán esas palabras que nunca sabes se están ben ou non. Supoño que o mesmo lles pasa aos que falan



(Continúa na páxina 3)

(Vén da páxina 1)

prendo que a súa aceptación ou non xa non inflúe na miña decisión, pois lendo, falando e escoitando galego doume de conta da súa fermosura, e síntome realmente alarmada polo seu futuro. Se só falan galego os maiores, se nun concurso de redacción coma este só participamos uns dez rapaces... Que vai ser da miña lingua? Que pasará cando morran os nosos avós, os nosos pais? Quen a vai falar? O galego tivo que loitar para chegar até nós, e agora é desprezado coma se fose unha lingua inferior. Por todo isto eu síntome indignada e, polo menos, comprometida, e ao simple feito de falalo porque me gusta debo engadir o meu desexo de conservalo e elevalo a on-

de ten que estar, senón por riba do castelán, ao seu lado.

E tamén falo para demostrar ao mundo, ao mundo da miña xeración, algo que pareceu esquecer: que en Galicia existe outro idioma que non é o castelán, que usalo non significa ser da aldea nin ser vello, nin esas cousas que din de ti cando te escoitan, e que aínda que os seus queridos ídolos do Grande Irmán intenten, como sexa, desprenderse do acento da lingua da súa terra, eu estou orgullosa del porque é a lingua que falaban tantos loitadores, porque foi a lingua dos que aturaron todas as inxustizas do mundo e dun idioma que, aínda agora, segue a oprimila.

Parece estraño que teña que existir algunha xustificación para falar galego en Galicia, ou que moita xente nada aquí o rexeite e desprece. Non falan catalán en Cataluña ou escocés en Escocia?

Por suposto que hai razóns para falalo, as mesmas ca sempre: para poder entenderse, por comodidade ou costume. En Galicia temos a sorte de ter dúas linguas, unha propia e outra común a toda España. Está claro que non vas falar galego con alguén de fóra, un andaluz ou un canario, xa que non te ían entender; pero non vexo razón algunha para non facelo na casa, pola rúa, nas clases ou no patio.

O galego é unha lingua con moitos séculos de historia, que se fala e escribe desde a Idade Media. Moitos poetas e trovadores deixáronnos o seu legado nesta lingua. Durante séculos, o galego foi o idioma común a todos os estamentos e, inda que non sempre se escribiu, nunca deixou de falarse. O galego é, ademais, unha lingua fermosa, con moita sonoridade e expresividade, o que comprobaron toda a xente que, sen ser galega, a fala a cotío e leva da nosa terra algo máis que unha lembranza.

Todas as linguas son iguais de dignas e necesarias, e no mundo hai moitos miles delas (ademais dos dialectos e derivantes.) Hoxe en día, “gracias” a

O GALEGO, ALGO NOSO

María Yáñez López, 3º da ESO

globalización, moitas xa desapareceron, sen deixar ningunha pegada. O galego e o español, son linguas romances, é dicir, proveñen

do latín, e unha persoa que fale galego merece a mesma consideración que outra que fale español.

Nestes últimos anos, coa invasión de internet e as telecomunicacións, globalización, o inglés é a lingua de máis importancia. Os EEUU inflúen na vida, gustos e costumes de medio mundo. Todo isto atenta contra a diversidade de culturas e formas de vida que existen no grande mosaico que é o noso planeta.

En Galicia a xente nova fala moi pouco o noso idioma. A televisión, a publicidade e as modas ensinan a valorar cada vez máis o estranxeiro sobre o autóctono. Nestas circunstancias, moitos xoves só utilizan o galego na escrita, nada máis que porque na escola é obrigatorio.

Non falar a túa propia lingua é negar as túas raíces, tentar esquecer de onde vés, e todos os acontecementos pasados que nos levaron até aquí.

Precisamente, é a xente nova a que debe respectar, coidar, empregar e conservar coma un tesouro a lingua que herdamos dos nosos devanceiros. Porque nós somos o futuro desta terra e porque falar en galego cos pais, colegas e compañeiros, axudará a que a lingua de Galicia siga sendo o galego.

(Vén da páxina 2)

→ en español, ou non?

Deixando iso aparte, o feito de saber galego axuda moito á hora de aprender e falar novos idiomas, sobre todo aqueles que proveñen do latín pois a similitude entre palabras sempre é un apoio, ademais de ter tamén o castelán como axuda. Non sería a primeira vez que por esa mesma razón intúo o significado dunha palabra en catalán, francés, ou italiano.

Sei que o fin deste escrito é explicar o motivo de

eu vivir como galegofalante, pero acabei por contar o tipo de erros que cometo e as vantaxes que ten coñecer e expresarse en galego, pero é que, como digo no título, a resposta á pregunta principal é moi sinxela. O feito de que me guste falar galego non ten máis motivo, simplemente gústame e penso que é unha parte da nosa cultura que non deberíamos perder de ningún xeito. Se o idioma resistiu cando estaba prohibido, como ha morrer agora que está protexido pola lei? Pero aínda que sexa un sen sentido dá a impresión que imos por ese camiño.

(Vén da páxina 1)

▶ se non hai Galiza? Pois que non hai cultura galega. E que ocorre se non hai cultura galega?. Pois que acabaremos sendo da española. E que sucedería se tivéssemos que pertencer a outra cultura? Pois que deixaríamos de ser quen somos e pasaríamos a ser outros. Eu non quero ser outra.

Dende pequena o meu idioma foi sempre o galego, pois foi así como me ensinaron; mais, ao chegar á escola comecei a falar en galego só con quen me falase en galego. Ao longo dos anos fun comprendendo que contestarlle na túa lingua a alguén que che fale en español non era unha



falta de educación. Ademais, se os que queremos a nosa lingua non a falamos, entón, xa non hai nada que facer. Pouco a pouco deixei de falar español, pois significaba moi pouco para min. Agora falo galego sempre.

Os que len isto que escribo están a preguntarme por que falo galego cos meus e as miñas colegas no recreo? Ben, pois eu creo que quen debería facer a pregunta sería eu, por

que vós falades español? Penso que eu xa din razóns dábondo como para que se entenda porque falo a miña lingua e non a do veciño. Podedes darme vós tantas?

Se ti non amas o teu, ninguén o vai facer por ti.



Alberte Sánchez Regueiro, Secretario Xeral de ADEGA, fala para *PlanetaLingua*

Na Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, tendes moita información arredor de todo o que supuxo a desfeita da maré negra causada polo petroliero Prestige. Pasado un ano da catástrofe, hai algunha noticia de última hora?

A costa segue moi afectada aínda que non se vexa a simple vista, hai zonas de cantís e certas praias que seguen con chapapote por non mencionar o terríbel problema que temos nos fondos mariños.

-Como valorades a resposta da cidadanía fronte ao desastre?

O pobo galego reaccionou como debería, botando unha man solidaria pero sen esquecer as reivindicacións.

-Corre o rumor, entre os profesionais da saúde e a sanidade, de que as análises sobre os contidos en hidrocarburos nos peixes e mariscos non son coñecidos polos inspectores de sanidade. Coñecedes este feito?, que opinión vos merece?

É ben certo que se debería estudar máis polo miúdo a contaminación da fauna marítima e que se debería informar á opinión pública.



-Sabedes que pensan facer as autoridades para retirar as toneladas de fuel que aínda quedan no barco afundido?

O Ministerio de Fomento é quen ten todas as competencias no tema do barco afundido, e en dito ministerio parece que non teñen nada clara a situación para a retirada do fuel.

-Para cando estará o mar recuperado dos vertidos de petróleo e cando desaparecerán os hidrocarburos da cadea alimentaria?

Hai zonas nas que o chapapote non afectou extremada-

mente e poderanse recuperar nun intervalo de 3 a 5 anos, pero noutros moitos sitios a situación é máis dramática e deberemos falar de arredor de 10 anos como



mínimo.

-Ultimamente óese falar moito da chamada biorremediación como método para combater na costa a contaminación por vertidos petrolíferos, en que consiste a tal biorremediación?

A grandes trazos consiste nunha serie de bacterias que “comen” o chapapote, pero nas zonas onde se está a aplicar parece que non está dando os resultados esperados, sen esquecer que estamos a introducir masivamente unha especie que non se atopaba nese ecosistema.

-A ría de Ferrol xa estaba contaminada antes deste último vertido e agora temos os problemas da construción do porto exterior e a planta de gas. Podere-mos salvarla? Que deberíamos facer nós?

Está moi complicada a situación en todas as rías de Galiza, a verdade é que non se para de facer auténticos atentados ecolóxicos como o porto exterior ou a planta de gas na de Ferrol. A xente nova coma vós sodes quen tedes que tomar o relevo para salvar o que queda do noso planeta, empezando polo que temos ao lado, no voso caso a productiva e fermosa ría de Ferrol.

-E para rematar, cales son as tarefas prioritarias nas que está traballando ADEGA na actualidade?

Estamos a levar a cabo unha vixilancia constante da costa galega para que se saiba realmente como está e por outra banda estase a traballar nunha serie de proxectos de Educación Ambiental dirixida a concellos, escolas e institutos, sen esquecer as actividades que a diario chegan aos nosos locais (parques eólicos, minicentraís, incendios, ...).

Felipe Vázquez Fernández

Novembro, 2003.





Galardoada, no pasado Festival de Montreal, cos premios do público e ao mellor director, Antonio Mercero amosa nesta película un claro exercicio de enxeño ao saber combinar unha situación predominantemente dramática —un grupo de mozos duns quince anos con algúns membros mutilados por conta do cancro que padecen— cos sorrisos dos seus protagonistas, sorrisos que permiten entender como a ledicia, a amizade e o apoio axudan a combater e disipar esa dor e soidade que senten, dando paso á esperanza e ás ansias de vivir.

O xénero do filme correspóndese cunha mestura de drama e traxicomedia que nos fan romper con ese universo que consideramos totalmente negro para dar entrada a toda a gama de cores que impregnan a vida, mesmo nestas circunstancias extremas nas que viven os protagonistas da obra cinematográfica: a cor da esperanza, a cor da ilusión, a cor do amor... Así pois, como diría John Vance, *“a alma non tería arco da vella, se os nosos ollos non tiveran bágoas”*, é dicir, se non chorásemos ou risemos chorando a nosa alma, o noso espírito, non posuiría os diversos sentimentos que experimentamos todos os seres humanos.

Con respecto á súa mensaxe podería afirmarse que se presenta como o ingrediente clave que chega ao noso corazón e esperta en nós esa sensibilidade que nos fai emocionarse, entristecer e sentir tenrura á vez, polos personaxes da historia, acadando un nivel de tal familiaridade que sentimos como cada anécdota, ilusión e soño convértese nunha nova mirada a ese mundo que conmoiona os nosos sentidos. Un mundo reducido e metódico no que os seus protagonistas se atopan dominados por ese destino que abarca as súas vidas pero do que foxen constantemente coas súa xuventude e sorrisos, armas implacables para burlarse do determinismo e comprender que a vida continúa namentres seguimos vivos e hai que aproveitala por riba de todo pois estamos condenados a amar a nosa vida porque a vida en



si é fermosa e gratificante se sabemos servirmos dos seus alicientes e emocións.

Se cadra o que nos quere dicir esta

obra é, pois, o que necesitamos ouvir: temos que valorar a vida e non deixarnos determinar pola sociedade, temos que vivir con responsabilidade pero sempre coas esperanzas de acadar as nosas metas, as nosas ilusións e soños, sen que nada nin ninguén marque o noso camiño que tan só podemos construír nós coas nosas pegadas. Valoremos a vida que outros quizais non poden ter e que, calados, soñan con acadar, sexamos conformes co que nos foi dado, deixemos as superficialidades, as cousas banais e centrémonos en medrar e vivir cada día como o derradeiro e o primeiro, sendo feliz cos que te arrodean pois endexamais se sabe que depara o futuro para nós.

A película remata como remata a miña crítica, amosando que a festa da vida continúa, que o libro aínda vai polo seu primeiro capítulo, que aínda queda moito por facer e por soñar e que aínda quedan momentos que vivir, sorrisos que entregar, mans que tender,... aínda que toda a dor pareza insoportable e sen cura, un día rematará e a ledicia brillará resplandecente de novo no corazón, pois non hai noite eterna á que non lle suceda a luz do día, non hai noite sen estrelas e vida sen Sol. Temos que entregar o noso tempo pois, coa súa man suave e compasiva, acabará por facernos felices e sorprenderanos con cousas sinxelas pero intensas, así que non chores polo Sol que as bágoas non te deixarán ver as demais estrelas, ese é o noso obxectivo para sacar o máximo do noso presente.

Ana Belkis Porto

FICHA TÉCNICA:

Título: Cuarta planta

Xénero: Traxicomedia

Director: Antonio Mercero, mestre da televisión (*La cabina* que foi premio Emma; *Farmacia de Guardia*) e do cine (*Espérame en el cielo*, *La hora de los valientes*, entre outras), recibe por este novo filme o Premio ao mellor director de cinema no pasado festival de Montreal.


Intérpretes: Juan José Ballesta (protagonista de *El Bola*), Luis Ángel Priego (quen participou en series televisivas como *La casa de los líos* ou *Médico de familia*), Gorka Moreno, Alejandro Zafra, Marco Martí-

nez, Marcos Cedillo e Maite Jáuregui.

Guión: Albert Espinosa e Antonio Mercero coa colaboración de Ignacio del Moral

Argumento: Un grupo de mozos que andan polos quince anos de idade comparten un *“barrio moi peculiar”*: a planta de traumatoloxía dun hospital. Miguel Ángel, Izan, Dani e Jorge conseguen coa súa ledicia desafiar o desdén do destino e fan levadeira a súa estancia no centro vivindo sentimentos de amor, dor, compañeirismo, temor, ledicia, esperanza,... O humor é a forza vital que emprega este grupo de mozos, que se fan chamar *“Os Pelados”*, para cambiar a súa inxusta sorte.






QUE É O QUE FAS NO TEU TEMPO DE LECER?

Inquérito ao Alumnado do I.E.S. Sofía Casanova

Número de alumn@s entrevistados ou tamaño da mostra:

1º CICLO da ESO	96
2º CICLO da ESO	150
Bacharelato e Ciclos Formativos	298



1/Excluindo o tempo adicado a xantar, durmir, asistir ás clases e estudar, cantas horas tes semanalmente para o lecer?

	Horas semanais de lecer			
	0-5 hh.	5-10 hh.	10-15 hh.	máis de 15 hh.
1º Ciclo ESO	8%	27%	30%	35%
2º Ciclo ESO	11%	25%	21%	43%
Bacharel. + Cic. Format.	11%	19%	26%	44%

2/Cántas horas á semana dedicas a:

	Horas sem. de televisión		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	27%	31%	37%
2º Ciclo ESO	27%	28%	42%
Bacharel. + Cic. Format.	31%	31%	38%

	Horas sem. de lectura		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	42%	13%	7%
2º Ciclo ESO	65%	13%	6%
Bacharel. + Cic. Format.	63%	19%	6%

	HH. sem. pract. deporte		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	5%	24%	29%
2º Ciclo ESO	37%	23%	31%
Bacharel. + Cic. Format.	52%	12%	20%

	Horas sem. de cinema		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	41%	14%	2%
2º Ciclo ESO	73%	5%	3%
Bacharel. + Cic. Format.	75%	9%	1%

	Horas sem. discoteca		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	5%	0%	2%
2º Ciclo ESO	20%	8%	4%
Bacharel. + Cic. Format.	35%	10%	10%

	HH. sm. xogar tel. móvil		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	32%	15%	5%
2º Ciclo ESO	57%	9%	6%
Bacharel. + Cic. Format.	62%	7%	4%

	Horas sem. ouvir música		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	41%	18%	21%
2º Ciclo ESO	47%	20%	32%
Bacharel. + Cic. Format.	33%	27%	40%


	Horas sem. pasear		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	20%	26%	37%
2º Ciclo ESO	16%	31%	49%
Bacharel. + Cic. Format.	14%	36%	50%

	HH. sm. navegar internet		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	28%	10%	9%
2º Ciclo ESO	50%	18%	13%
Bacharel. + Cic. Format.	55%	16%	13%

	HH. s. tocar instr. music.		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	27%	4%	3%
2º Ciclo ESO	55%	6%	3%
Bacharel. + Cic. Format.	55%	5%	7%

	HH. sm. outras activid.		
	0-3 hh.	3-5 hh.	máis de 5 hh.
1º Ciclo ESO	18%	12%	12%
2º Ciclo ESO	9%	9%	7%
Bacharel. + Cic. Format.	7%	5%	5%

QUE É O QUE FAS NO TEU TEMPO DE LECER? Inquérito ao Alumnado do *I.E.S. Sofía Casanova*



3/Cando saes cos teus amigos e colegas vas a:


	Cando saes cos teus amig@s vas a				
	cinema	bares, cafet.	paseo	practicar deporte	discotecas
1º Ciclo ESO	68%	11%	69%	38%	1%
2º Ciclo ESO	52%	31%	83%	27%	33%
Bacharel. + Cic. Format.	56%	75%	73%	21%	58%

4/Que deporte practicas habitualmente:

	Que deporte practicas habitualmente?					
	ningún	fútbol	outros	baloncesto	natación	xadrez
1º Ciclo ESO	14%	43%	41%	16%	21%	11%
2º Ciclo ESO	31%	33%	31%	6%	8%	4%
Bacharel. + Cic. Format.	50%	16%	27%	4%	10%	2%


5/As actividades que desenvolves no teu tempo de ocio e lecer son para ti:

	As actividades do teu tempo de lecer son para ti:				
	moi pouco gratificantes	pouco gratificantes	gratificantes	moi gratificantes	mellor imposible
1º Ciclo ESO	4%	4%	38%	27%	27%
2º Ciclo ESO	3%	4%	42%	30%	21%
Bacharel. + Cic. Format.	2%	7%	43%	41%	7%



6/No teu tempo libre, que é o que quixeras facer e aínda non puidiches?:

	Que quixeras facer no teu tempo libre e aínda non puidiches?				
	nada	viaxar	saír máis	máis deporte	outras actividades
1º Ciclo ESO	13%	8%	28%	23%	28%
2º Ciclo ESO	30%	14%	20%	24%	12%
Bacharel. + Cic. Format.	30%	33%	7%	18%	12%



O CHOQUEIRO GANDO BOVINO



Economía tradicional. Tes dúas vacas, vendes unha e mercas un touro. O teu rabaño multiplica-se e a economía medra. Véndelas e xubilaste cos beneficios.

Corporación americana. Tes dúas vacas, vendes unha e forzas á outra para que produza o leite de catro. Sorpréndeste cando o animalíño morre extenuado.

Corporación centroamericana. Tes dúas vacas, chámalas reses e polas a xogar no campionato de fútbol local.

Corporación xaponesa. Tes dúas vacas, re-deseñalas para que teñan unha décima parte do seu tamaño e produzan vinte veces máis leite. Argallas un programa chamado "vakemon" e véndelo por todo o mundo.

Corporación alemá. Tes dúas vacas. Aplicas un protocolo de enxeñería xenética para que


poidan vivir cen anos, coman unha vez ao mes e se poidan muxir soas.

Corporación colombiana. Tes dúas vacas, 18.000 soldados para protexelas e 373 axentes ianquis da DEA para vixiar o proceso. Para poder pagar os soldados decides

vendelas aos narcotraficantes. Esixes máis vacas ao congreso norteamericano.

Corporación rusa. Tes dúas vacas, cóntalas e chegas á conclusión de que son cinco. Vólvelas contar e xa son corenta e dous. Cóntalas outra volta e agora son doce. Paras de contar e

abres outra botella de vodka.



Corporación arxentina. Tiñas vinte mil vacas, todas eran arxentinas, e un crecemento económico alto. Vendíchelas todas, roubaches a prata e logo casaches con Cecilia Boloco.

Corporación xudía. Tes dúas vacas, unha é xudía e a outra palestina. Miras de repartir o pasto para alimentalas, pero é imposible negociar, xérase un conflito e unha delas fai-

se "vaca-bomba", pum!, quedas sen vacas.


Corporación talibán. Tes dúas vacas. Aprenden a pilotar avións.

Corporación hindú. Tes dúas vacas, adóralas.

Corporación africana. Non te ocupes, non hai vacas.

Corporación xamaicana. Tes dúas vacas, as dúas con bozo. O teu negocio é a herba non as vacas.

Pablo Ortega Blanco



Poema gañador do Undécimo CERTAME DE POESÍA RICARDO CARVALHO CALERO

CIRCUNFERENCIA

Cara ós que pregan ó ceo sen deus
Cara ós nados no seo do adeus
reflexos líquidos na conversación de didelfos e dulianos
espirais na branca alpaca xénese dos humanos
aluarada paisaxe manexando mirada
soa soidade cansada

Veas estoupando en sangue de latexos
decapitando ollos ós macrocéfalos con odio,
con monótono, con poesía, con verbas da
soa soidade cansada

Bebés na ventá observando entornos
choiva esvaecida na sombra do home
amoldado ó banco
morto da
soa soidade cansada

Cara ós que pregan ó ceo sen deus
Cara ós nados no seo do adeus.

Darío Fernández Fernández

SOPA DE LETRAS

M	E	D	I	T	E	R	R	A	N	E	O
A	B	S	F	D	G	H	L	O	P	X	C
T	I	R	E	N	O	T	U	I	E	I	
Q	R	A	N	B	M	V	C	X	Z	O	R
W	A	E	R	T	T	R	M	N	S	D	B
O	C	D	P	I	U	Ñ	L	H	G	F	A
Q	V	E	R	M	E	L	L	O	H	G	T
A	S	W	E	I	C	X	Z	I	D	F	N
O	C	I	T	L	A	B	L	P	G	M	A
Q	E	R	T	U	I	T	O	S	F	B	C
Z	W	X	R	C	O	P	I	A	D	V	M
H	G	F	D	S	A	Ñ	L	C	S	C	N
Q	W	E	U	I	A	O	T	R	O	M	X

Á PROCURA DE 10 MARES DO MUNDO

Pablo Ortega Blanco

Trece Badaladas
SUSO DE TORO



Unha vez ao ano, o día de Defuntos, a Berenguela tanxe trece veces. *Trece badaladas* é unha novela que introduce ao lector nun labirinto de sombras, de rúas empedradas de misterio, con longos séculos de historia ás súas costas e escenario dunha ininterrompida loita entre o ben e o mal.

O argumento parte da Idade Media e da construción da catedral de Santiago, dunha vanganza latente que chegou ata os nosos días e do intento desespe-

rado de dous namorados por enfrontarse co seu destino. O pasado e o presente mestúranse ao longo de toda a obra e o lector queda atrapado dende o primeiro intre. Con todo, podería resultar unha lectura aburrida para aquela xente nova que, ben por falta de costume ou polo convencemento inxustificable de que é moito mellor xogar cos videoxogos, nunca viron nun libro de ficción algo máis que unha obriga desagradable.

Con esta novela Suso de Toro presenta unha louvanza á cidade que o veu nacer e dá unha oportunidade a todos os escépticos para que descubran como unha obraliteraria pode chegar ao máis fondo de cada un de nós e enredamos no imparable curso dos acontecementos, ata o cada vez máis inevitable final.

Trece badaladas é, ante todo, unha busca no pasado desa cidade enigmática e sombría que é Santiago. Recomendolla a calquera que lle guste pasar medo lendo un libro.

María Yáñez López

Suso de Toro (Santiago, 1956), licenciado en Arte Moderna e Contemporánea. Premio Nacional de Narrativa 2003. Como narrador ten publicado *Caixón desastre* (1983, Xerais 1991), relatos, Premio Galicia da Universidade de Santiago; *Polaroid* (Xerais 1986), relatos, Premio da Crítica Galicia; *Land Rover* (1988), novela; *Ambulancia* (Xerais 1990), novela; *Tic-Tac* (1993, Xerais 2003), novela, Premio da Crítica Española 1994; *A sombra cazadora* (Xerais 1994), novela; *Contra a soldada* (1996), novela; *Calzados Lola* (Xerais 1997), Premio Blanco Amor 1997; *Círculo* (Xerais 1998), relatos; *Non volvas* (Xerais 2000), novela, Premio da Crítica Española; *Trece badaladas* (Xerais 2002), novela, que foi adaptada libremente ao cine por Xavier Villaverde co título homónimo (2003) e *Morgún (Lobo Máxico)* (Xerais, 2003), novela. Escribiu os libros de xornalismo e ensaio: *F.M. (1991)*, *Unha memoria da esquerda nacionalista (Camilo Nogueira e outras voces)* (Xerais 1991), *Eterno retorno* (1996), *Parado na tormenta* (1996), *O país da brétema* (2000), *A carreira do salmón* (Xerais 2001), *Nunca máis Galiza á intemperie* (Xerais 2003), *Españois todos* (Xerais 2004) e *Ten que doer* (Xerais 2004). Publicou ademais a obra de teatro *Unha rosa é unha rosa* (Xerais 1997) e *Servicio de urxencias* (Xerais 2002), guións de televisión.



Morgún, unha viaxe a carón dos nosos antepasados

Comecei a ler esta obra sen ter moitas referencias, apesar de que tiña noticia do autor e sabía que escribira algunhas obras moi interesantes. Amais disto, o argumento tampouco me revelabanada importante deste xénero literario, moi pouco tratado polos autores e daquela difícil de interpretar. A verdade é que todo isto mudou cando comecei a ler o primeiro capítulo.

O libro, aínda que eu non acostumo a ler en galego, *enganchoume* de tal maneira que me deitaba pensando como continuaría, que pasaría despois. O autor somérxete nun mundo de enfrontamentos polo poder, nas idades dos nosos antepasados celtas, cando os deuses tiñan o control de todas as cousas e a maxia estaba presente en todos os lugares.

A historia comeza cando o rei Brath, señor da fortaleza de Baroña, é asasinado polo seu fillo, Corrub. Este aprópiase do trono pero un vello druída advérteo dunha profecía que di que o rei asasinado voltará polo

mar, entraránno castro tres veces e entón recuperará o seu reino. A novela relata a vida de Morgún, un neno que é enviado polos deuses ao reino dos mortais para vingar a morte do rei Brath.



Ao principio, esta novela pode parecerlle ao lector un pouco complicada de entender, aínda que segundo vaia introducíndose na lectura comezará a comprender onde quere ir parar o autor.

Tamén me gustaría destacar algo que o lector debe ter en conta á hora de analizar a novela. Ao ser un tema non moi cultivado no mundo da literatura, o autor posúe certa liberdade á hora de describir os costumes dos antigos poboadores da península.

Para os que aínda non tiveron oportunidade de ler este libro, gustaríame, non obrígalos, pois tampouco se trata dunha obra mestra da época, pero si lles recomendaría este magnífico libro coa seguridade de que embruxará aos amantes das novelas de aventuras.

Félix Carrasco Calzada

RESISTENCIA
Rosa aneiros



A novela *Resistencia* impresiona inevitabelmente. É unha narración apaixonante e indelével que penetra nos difíciles anos da ditadura salazarista onde os seus personaxes, marcados pola dor e o sufrimento das súas vidas, loitan contra as adversidades da época.

A acción desenvólvese en *O Pinhal do Rei*, unha enorme extensión de piñeiros que ocupaba máis de dez mil hectáreas na costa atlántica de Portugal. A recente historia portuguesa reflíctese na vida de dúas familias cun destino inexorábel, condenadas a vivir prisioneiras do amor. Os seus protagonistas veranse obrigados a combater o réxime conservador, antidemocrático e represivo de Salazar e logo o de Marcelo Caetano. As circunstancias políticas que se sucederon en Portugal até a Revolución dos Caraveis determinaron o destino dos personaxes que loitaron contra elas co único apoio que posuían: a resistencia.

Na obra poden observarse trazos de estilo moi característicos da autora que lle proporcionan á narración unha certa orixinalidade. Tamén pode apreciarse o forte poder do amor, un amor de extremos que para moitos e moitas pode parecer inverosímil, pero que é, como sentimento, un dos motores que dirixen a historia. Destacan uns personaxes de rexo carácter, pero que se deixan levar moitas veces polo ímpeto das emocións. As descrições dos lugares son moi detalladas e case sempre relacionadas coas sensacións e sentimentos dos protagonistas.

É, finalmente, unha fermosa novela que ben podemos ler porque nos vai introducir nese mundo real do que tantas veces queremos fuxir, e, ao mesmo tempo, no reino dos sentimentos máis profundos, eses que o ser humano tende a frivolar co paso dos séculos.

Andrea Pardo Mesías

Rosa Aneiros (1976) naceu en Taraza, Meirás, no concello de Valdoviño. Xornalista de profesión colabora de forma habitual en distintos medios de comunicación impresos e electrónicos. É autora da novela xuvenil *Eu de maior quero ser* e do



libro de relatos *Corazóns amolecidos en salitre*. Tamén publicou rela-


tos en diversos volumes colectivos: *Narradoras*, *Mini relatos* e *Relatos gañadores do Pedrón de Ouro 1998-1999-2000*. No seu haber conta con recoñecementos como o Modesto Rodríguez Figueiredo, o Manuel Lueiro Rey, o Manuel Murguía ou o Carvalho Calero.

O Príncipe, de Nicolás Maquiavelo

séculos antes da propia unificación italiana.

A grande obra de Maquiavelo, unha das mellores obras políticas do século XVI, foi, sen dúbida, *O Príncipe*. Nesta obra, servíndose de toda clase de exemplos históricos e coetáneos do autor, analiza dunha forma totalmente obxectiva? cousa que lle carrexou unha fama un tanto inxusta de personaxe maléfico? o que segundo el sería o gobernante ideal: o seu *Príncipe*.

O primeiro que atopamos é a dedicatoria que lle fai ao seu mecenas, Lorenzo de Médicis. Nela, o autor ofrece a súa obra a Lorenzo coma un agasallo en agradecemento polo seu mecenado. Despois, Maquiavelo métese de cheo na súa teoría e nos seus postulados. É frecuente que fale primeiro sobre algún tema relacionado co goberno, como, por exemplo, o xeito de gobernar un principado, e logo reforce a veracidade da súa teoría con feitos ocorridos, tanto na antigüidade, prefire falar da Grecia Helenística e da Roma imperial, coma na súa actualidade. Nestas teimas aproveita para pór podre a todos os Principados, Ducados e demais Estados existentes na provincia italiana da época, demasiado débiles para unificar o territorio de forma unilateral ou para defender os seus intereses fronte ás potencias estranxeiras que invaden Italia, como Aragón ou Francia. Nesta análise obsérvase o marcado carácter nacionalista do autor, que desexa unha Italia única e unificada, tres



prototipo de monarca ideal, un rei astuto, sagaz e ante todo práctico. Esta última virtude é sen dúbida a máis controvertida de obra de Maquiavelo pois o autor defende o pragmatismo sen excepcións e considera que a forma de gobernar un estado é cousa totalmente amoral. Para comprender isto baste dicir que diferenciaba dous tipos de crueldades: as ben practicadas e as mal practicadas. Amais, ante a dúbida, o bo príncipe é o que é temido, non o que é amado. Isto lévao a valorar a Fernando *O Católico*, a pesar da súa clara tendencia hostil para cos reinos hispánicos. Estima o feito de que o rei Fernando perpetrara guerras que o conseguiran enxalzar coma líder, e que en nome da relixión fixera tantas cousas útiles dende o punto de vista político. Literalmente di que "non pode existir un exemplo máis marabilloso". Seguramente, se a súa vista chegara até hoxe, o seu líder preferido fose

Stalin, paradigma de líder amoral, que eliminou calquera signo de oposición no seu país e aínda por riba morreu adorado pola meirande parte do seu pobo...

Por último cabe destacar unha predicción curiosa que fixo, isto é, dixo que no futuro os exércitos serían enormes... polo que levamos comprobado levaría un gran chasco cando vira as famosas armas de destrución masiva.

Severino Portela Trastoy

(Vén da páxina 12)

xeira, once festivais musicais d' *A Mocidade coa Lingua*. Artellamos ciclos de *Cinema na Escola* e máis tarde, co apoio do Concello de Ferrol, as sesións anuais *En Galego de Película*. Encetamos actividades poéticas e literarias arredor dos Certames de Recitado de *Poesía pola Paz* e *Ricardo Carvalho Calero*. Principiamos cos *Certames de Creación Artística Poesía e Imaxe (En galego sen filtro)* que xa van pola súa cuarta edición. Propuxemos e reiniciamos a organización dos *CorreLingua*, etc.. Todas estas actividades foron e son realizadas polos profesores e profesoras dun xeito voluntario e con moito sacrificio. Pero non están recoñecidas. No ensino hai funcións que están recoñecidas, ben economicamente ou ben como puntos avaliábeis para o currículo persoal, de xeito que poidan contar nos concursos de traslado. Pero os traballos que o profesorado desenvolve nas actividades da Coordinadora de Normalización Lingüística nin puntúan nin están remunerados.

-Que función desempeña o Coordinador de Normalización Lingüística do IES Concepción Arenal?

Encárgase de organizar e harmonizar a programación anual do Equipo, que terá de ser aprobada polos órganos correspondentes, así como tentar levar adiante os traballos comprometidos.

-Que actividades realizan no equipo de Normalización Lingüística do Concepción Arenal?

As nosas actividades, a nivel xeral, están ligadas ás da Coordinadora. Realizamos tamén outras particulares, sendo as máis salientábeis dúas conferencias dirixidas ao alumnado do 2º Ciclo da ESO e Bacharelato, "*A Lingua galega e a súa relación coa Filosofía*" e "*A Lingua galega e a súa relación co ámbito científico e técnico*". Imos organizar tamén unha Mesa Redonda, na que van intervir tres empresarios de distintos sectores –comercio, hostalaría e ensino privado–, para tratar o tema da "*Lingua galega e a súa relación co ámbito empresarial*".

Amais desenvolvemos, a principios de curso, unha campaña informativa, que chamamos "**O teu dereito.... a nosa obriga**", dirixida ao alumnado na que detallamos as áreas que deben ser impartidas na nosa lingua. Tamén editamos o noso xornal escolar e órgano de expresión "*Fóra de Portas*" no que hai unha grande participación do alumnado.

-Este movemento lingüístico, que se desenvolve nos centros educativos, ten moita participación por parte do alumnado?

Na historia do que é a evolución dos E.N.L. houbo tres fases. Unha primeira na que houbo unha participación activa por parte do alumnado, unha segunda con escasa participación e unha terceira na que está agromando un grande interese por parte dalgúns sectores do alumnado. Así e todo, a maior ou menor implicación dos discentes depende do tipo de activida-

de concreta, nos certames poéticos e literarios hai unha menor implicación pero nas actividades de cinema, CorreLingua e Poesía e Imaxe a participación é moito maior.

-E o profesorado?

Hai un sector do profesorado que sempre se comprometeu, un profesorado ligado a posicións democráticas. Hai un grupo que colabora, un sector galeguista que se implica e un sector nacionalista que milita neste tipo de actividades. Logo, hai outro sector do profesorado con posicións que, a min persoalmente, me remiten a épocas anteriores a 1975.

-Quen subvenciona as actividades de Normalización Lingüística? Son suficientes?

As que se realizan nos centros son subvencionadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación. As organizadas pola Coordinadora, fóra dos centros, viñeron sendo subvencionadas ao 100% por parte do Concello de Ferrol. É certo que houbo momentos máis xenerosos por parte do Concello, dependendo de quen estivese no goberno. Evidentemente, a nivel de cartos e neste momento, atopámonos por parte do goberno municipal cunha desculpa de que non hai fondos. Ben, penso que iso é unha desculpa. Dende a perspectiva de Normalización Lingüística, o actual goberno municipal non ten porque ter ningún problema económico, o único que debe facer é procurar un acordo co goberno da Xunta de Galicia, que é do mesmo equipo, e subvencionar estas actividades, xa que son actividades con tradición histórica que están aí no tempo, que existen, que non son inventadas e que non favorecen en termos económicos a ninguén. De certo, pois, sabemos que na Dirección Xeral de Política Lingüística se gastan moitos cartos en outras cuestións que non teñen maior incidencia.

-¿Que resposta cre que están recibindo, pola tarefa que desenvolven, os equipos de Normalización Lingüística?

A nivel social coido que sempre tivemos unha resposta positiva. Nos nosos actos sempre atopamos unha grande afluencia de persoas. Pero nas institucións..., ben, aí xa temos que distinguir. O Concello de Ferrol, até hoxe, moi ben. Por parte da Consellería de Educación, como xa comentei antes, nunca recoñeceron o noso traballo, e iso que llo temos solicitado. Noutras institucións, coma o Consello da Cultura Galega, si que atopamos recoñecemento e tamén formamos parte do Consello Municipal da Lingua desde a súa constitución, sendo alcalde Xaime Bello, o 15 de maio de 2001, onde participamos na elaboración do primeiro Plano de Normalización Lingüística do Concello, que foi aprobado polo Pleno o 27 de marzo de 2003. En resumo, coido que nos podemos sentir moi orgullosos.

Ariana Ares Dopico
Andrea Pardo Mesías



ENTREVISTAMOS AO MESTRE XOSÉ MANUEL PAZO BLANCO



Xosé Manuel Pazo Blanco naceu en Melide, no ano 1957, un frío mes de decembro. Está casado e é pai dun fillo. Exerceu a súa profesión de mestre en Cabanas, Muros, Perille-Oleiros e no C.P. Manuel Masdías de Caranza. Na actualidade imparte a área de Lingua e Literatura Española no I.E.S. Concepción Arenal. Foi portavoz da *Coordinadora de Equipas de Normalización Lin-*

güística de Ferrolterra até o ano 2002. Formou parte, representando á *Coordinadora de ENL*, do *Consello Municipal da Lingua* de Ferrol desde a súa constitución no ano 2001 e da comisión redactora do Plano de Normalización Lingüística que foi aprobado polo Pleno do Concello de Ferrol o 27 de Marzo de 2003.

-En que ano se constituíu a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra?
O 7 de outubro de 1992 celebrouse, convocada polo Sindicato UTEG-INTG, unha asemblea do profesorado onde se constatou que na maioría dos centros de ensino non se estaba a cumprir a *Lei de Normalización Lingüística*. [Neste asunto aínda no se avanzou abondo pois, a día de hoxe, os sectores implicados seguen a facer parellas denuncias.] A reflexión era a seguinte: temos unha lei, temos unhas posibilidades de avanzar no uso do noso idioma nos centros e, porén, están sendo desperdiciadas. Era precisa unha estratexia para tentar corrixir, na medida do posíbel, esta situación. Por outra banda estaban os alumnos e alumnas: xa levaban uns anos coa lingua galega introducida no ensino, aínda que só fose na área de lingua e literatura galega. Tiñamos diante rapaces e rapazas capacitados para ler, escribir e falar no noso idioma. Pero a realidade era teimuda, fóra da aula de lingua estes seguían a se manifestar en español... e repetían unha e outra vez argumentos sobradamente coñecidos en contra do uso da nosa lingua. Pois ben, logo dun debate e a conseguinte votación, quedou constituída a *Coordinadora* na que se integraban 14 centros da Comarca (foi a primeira de Galiza) cos seguintes obxectivos: a/ promover iniciati-

vas que pularan polo uso do noso idioma en todos os ámbitos; b/ avaliar a situación do grao de cumprimento da *Lei de Normalización*, cousa que produciu grandes tensións nos claustros de profesores; c/ reivindicar da Administración as medidas adecuadas para facer efectiva a normalización lingüística.

-Como cambiou a percepción social da lingua dende aquela ao día de hoxe?

A percepción social evoluiu favorabelmente, outro cuestión é o seu uso. Podería contar, como exemplo, algunhas anécdotas. Cando cheguei a Ferrol, hai disto 20 anos, lembro ir tomar copas polas noites a pubs e apenas escoitaba falar galego. E como, dez anos despois, nun debate na *Galería Sargadelos*, había uns cantos rapaces que dicían que agora se falaba galego porque estaba de moda. Eu tentaba demostrarlles que non era tal, que aínda se seguía falando moi pouco, porque, se estivese de moda, el tamén o estaría a falar. Así mesmo, na primeira edición do *Festival Musical da Mocidade coa Lingua*, acordo que, na reunión previa que tivemos co alumnado dos grupos musicais, tivéramos que romper moitas reticencias, pois os rapaces aínda mantiñan a teoría de que era "imposíbel" interpretar pezas musicais, de rock ou outros estilos, en galego. Nos nosos ouvidos quedaron gravadas as palabras dun grupo de persoas maiores que, casualmente, pasaban pola Praza de Amboaxe e exclamaron "oh, si están cantando en gallego", cando un dúo, que tiña por nome Oliva Azul, interpretaba unha canción de Camarón na nosa lingua. Hoxe, coído eu, ninguén pon en cuestión que todos os estilos musicais poden ser cantados en galego. Lembro tamén que hai anos unha persoa non foi atendida nunha farmacia ferrolá por se dirixir ao farmacéutico en galego. Este feito tivera unha grande repercusión pública. O certo era que no 99% dos comercios, médicos, avogados, cafeterías ás que acudías, se usabas o galego eras atendido en español. Hoxe resultaría moi difícil que un caso como o da farmacia se repetira e nunha porcentaxe –pequena pero significativa– atendente en galego se te dirixes a eles en galego. Neste caso tamén hai un cambio na percepción da lingua.

-Que iniciativas se promoveron ao longo destes anos por parte da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística en Ferrolterra?

Foron moitísimas e moi variadas. No ano 1991 iniciámos a nosa andaina coa realización dun inquérito sobre a "Situación da normalización lingüística da zona de Ferrol". Organizamos diversas actividades teatrais entre os anos 1991/94. Fomos promovendo, xeira tras

(Continúa na páxina 11)